



CURSO 2022-2013

Departamento de Orientación do IES Sanxillao

POAP elaborado anualmente



ÍNDICE

- I. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO POAP**
- II. NECESIDADES DO CENTRO RELACIONADAS CO POAP**
- III. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DERIVADOS DAS NECESIDADES**
- IV. ORGANIZACIÓN XERAL**
- V. RESPONSABLES DO POAP. FUNCÍONS.**
- VI. ACTIVIDADES XERAIS**
- VII. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS POR GRUPOS E CURSOS**
- VIII. AVALIACIÓN DO POAP**



I. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO POAP:

A orientación académico-profesional pretende favorecer a madureza vocacional, o proceso de toma de decisións de forma responsable e autónoma, a autororientación; así como fomentar o espírito emprendedor. É un proceso de axuda técnica ao alumnado para que ao coñecerse a si mesmo e ao sistema educativo, produtivo e laboral, se prepare e acceda á profesión adecuada aos seus intereses, aptitudes e motivacións, tendo en conta as posibilidades académicas e de inserción socio-profesional.

En concreto L.O. 3/2020, LOMLOE, plantea un enfoque transversal de igualdade de xénero a través da coeducación e fomenta en tódalas etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e respecto á diversidade afectivo-sexual, introducindo en educación secundaria a orientación educativa e profesional do alumnado con perspectiva inclusiva e non sexista. Destacar aquí o Plan de Igualdade (Instrucións do 6 de setembro de 2019). Dentro da súa estrutura o punto Xestión de espazos, recursos e oportunidades de realización vocacional de maneira inclusiva.

Igualmente o artigo 91 de L.O 3/2020 LOMLOE, indica como funcións de todo o profesorado a titoría e a orientación da aprendizaxe do alumnado. Isto quere dicir que as actividades descritas neste documento, non será levadas a cabo soamente pola Orientadora do IES, senón que é un traballo de todo o profesorado.

A orientación vocacional será tratada en toda a ESO de xeito progresivo, así nos tres primeiros cursos da ESO, incidirase no autocoñecemento, no desenvolvemento de capacidades socioemocionais e na aprendizaxe dos procesos de toma de decisións, e en 4º ESO no autocoñecemento, no coñecemento das alternativas que se lle presenten ó rematar a escolaridade obrigatoria e na toma de decisións.

No Bacharelato a orientación académica incidirá na toma de decisións de opcións académicas ó rematar a etapa, así como na orientación sobre a organización da ABAU.

Asímesmo, teremos en conta que haberá alumnado que desexe incorporarse ao mundo laboral ao rematar bacharelato e ESO, polo que tamén teremos en conta a necesidade de orientarlles cara a consecución de emprego, así como dos recursos existentes fóra do centro que se dedican á orientación laboral.

Nos ciclos formativos a orientación académica incidirá na información cara estudos posteriores (outros ciclos, formación non regrada, universidade, ...), así como na aprendizaxe de recursos de autoorientación laboral, complementando os contidos recibidos na área de Formación e Orientación Laboral.

Establecer directrices xerais para a elaboración e revisión do plan de orientación académica e profesional e do plan de acción tutorial.

Estudar as propostas de organización da orientación educativa, psicopedagóxica, profesional e do plan de acción tutorial para a súa inclusión na Programación Anual.

II. NECESIDADES DO CENTRO RELACIONADAS CO POAP:

A. VOCACIONAL. Apoio ao Plan de Orientación Académico e Profesional

Centro Educativo	Optimización del POAP e da orientación vocacional del centro, de acordo coa nova oferta, acceso, criterios LOMLOE.
Alumnado	Asesoramento sobre itinerarios académicos e profesionais (LOMCE curso 21/22), novas ofertas formativas (FP, Cursos de Especialización, Novos Graos Universitarios...) e sobre novos criterios de promoción e titulación (LOMLOE 21/22). Todo con perspectiva de xénero.

	Asesoramento e reflexión sobre elección vocacional libre e de prexuízos e non sexista.
Profesorado	Formación en orientación académica e profesional en igualdade de oportunidades, inclusivas e non sexistas.
Familias	Información sobre novidades que implica a LOMLOE e sobre orientación académico-profesional en igualdade de oportunidades e non sexista.
Centro Adscrito	Información ás familias do alumnado de nova incorporación en 1º ESO.
Contexto	Actualización do POAP tendo en conta as posibilidades académicas e profesionais que nos ofrece o contexto.

III. **OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DERIVADOS DAS NECESIDADES:**

OBXECTIVOS XERAIS:

C. VOCACIONAL. Apoio ao Plan de Orientación Académico e Profesional	
Centro Educativo	Actualizar o POAP tendo en conta as novidades da LOMLOE (Itinerarios, criterios de promoción e titulación, obxectividade nos criterios...)
Alumnado	Favorecela toma de decisións, procesos de madureza persoal, da propia identidade, en definitiva, a súa autororientación, dando a coñecelas novidades lexislativas, itinerarios novos e nova oferta formativa con perspectiva non sexista e inclusiva.

Profesorado	Establecer mecanismos de comunicación (Blog, Aula Virtual, Redes) para informar sobre os cambios legislativos e novidades nas ofertas formativas e outros aspectos relacionados.
Familias	Organizar accións informativas para as familias.
Centros Adscritos	Levar a cabo accións informativas sobre o noso IES e a nosa oferta educativa, a través de visitas guiadas planificadas ou entrega de boletíns.
Contexto	Promover a coordinación con outros IES ou con outros profesionais da orientación laboral que nos poidan facilitar información.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

C. VOCACIONAL. Apoio ao Plan de Orientación Académico e Profesional	
Centro Educativo	Asesorar na selección do alumnado proposto para FPB e PMAR, sendo moi conscientes da importancia do Consello Orientador motivado. Asesorar t e c n i c a m e n t e en cuestións de itinerarios, saídas profesionais, perfís profesionais, etc.
Alumnado	Realizar actividades que impliquen coñecer a oferta educativa e profesional do contorno, así como o coñecemento de ferramentas que axuden á toma de decisións e autororientación. Atender a todo o alumnado que requira da intervención do D.O e asesorar nos diferentes campos da orientación especialmente nos momentos máis transcendentais e de maneira grupal e soamente individual cando a situación de incerteza así o requira.

Profesorado	<p>Elaborar un dossier sobre as novidades legislativas LOMLOE (actividades e procesos de avaliación, recuperación e promoción, novos accesos...)</p> <p>Manter actualizado o taboleiro de anuncios da sala de profesorado sobre probas de acceso, premios, accesos, programas internacionais...</p>
Familias	<p>Asesorar e informar ás familias do alumnado proposto para PMAR e FPB.</p> <p>Asesorar e informar ás familias sobre os diferentes itinerarios, saídas, accesos, materias a elixir, así como os cambios legislativos coa LOMLOE.</p>
Centros Adscritos	<p>Realizar unha xornada para explicalas características e organización da Educación Secundaria (organización, avaliación, promoción, MAD...)</p>
Contexto	<p>Invitar a alumnos de 2º curso de BACH para que conten a súa experiencia ao alumnado de 4º ESO.</p> <p>Invitar a exalumnado que actualmente cursa FP, Grao Universitario ou está empregado, para que conten as súas experiencias concretas á saída do IES.</p> <p>Establecer comunicación e fixar reunión co Servizo de FP da Consellería (Rede de Dinamización da FP Dual e Servizo de FP)</p>

IV. ORGANIZACIÓN XERAL:

- O desenvolvemento do plan é coordinado pola **Xefatura de Estudos** co apoio do Departamento de Orientación, que se encarga de proporcionar



recursos e materiais para as actividades que, de xeito programado e sistemático, se realizan no centro, así como de impartir directamente algunhas das actividades.

- O POAP desenvólvese e aplícase dende o **currículo**, a **titoría**, o **plan de actividades complementarias** e a **participación directa de orientación**.
- Son **axentes** implicados: o alumnado, o profesorado, os titores/as, a orientadora, a familia e o centro educativo na súa totalidade, así como a contorna do centro (CIUG, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Axentes de emprego, etc).
- As **actividades** de información, autocoñecemento e decisión desenvólvense en cada materia cando se resalta a dimensión aplicada e laboral da mesma e no espacio reservado para a titoría.
- Os **titores/as** determinarán, de acordo co POAP, o tipo e clase de actividades a realizar cos seus respectivos grupos.
- Para o desenvolvemento e cumprimento do plan, os titores/as contarán coa colaboración directa do **Departamento de Orientación**.
- Na medida do posible, introducirase o uso de **recursos tecnolóxicos**, tanto nas consultas individuais como para a súa utilización no horario da titoría. Utilizaranse programas informáticos como Orienta ou outros, e, o enlace a diversas webs, blogs de orientación e aula virtual.
- O Departamento de Orientación fixará o **horario de atención individual** a familias e alumnado que precisen información.
- A orientadora contará cos titores/as ou, no seu caso, cos profesores/as das distintas materias, para levar a cabo actividades de información específicas como as sesións informativas en cada curso e a aplicación de cuestionarios específicos.
- Para informar á comunidade educativa das ofertas educativas, itinerarios, materias, criterios de acceso, admisión, mercado laboral, ofertas laborais, etc, levaranse a cabo no IES as Xornadas de Orientación Vocacional que darán comezo coa explicación das ABAU por parte dunha persoa representante da CIUG e desenvolveranse entre finais do segundo



trimestre e ao longo do terceiro.

- Entrega do boletín de Orientación Académico e Profesional do IES Sanxillao ao alumnado e familias (formato impreso e dixital) por cursos e etapas.
- Contarase con alumnado con experiencia no IES para dar charlas sobre aspectos relevantes vocacionais. Por exemplo un alumno/a de FP de Ciclo Medio pode dar a súa impresión ou valoración a un grupo da FPB.

V. RESPONSABLES DO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL, FUNCÍONS:

TITORES/AS:

- **Son os encargados da orientación e o asesoramento dos alumnos/as sobre as súas posibilidades educativas no seu tránsito polos niveis, etapas e modalidades de ensino que cursan.**

PROFESORADO:

A titoría e a orientación forman parte da función docente. A través das súas materias ou módulos poden ofrecer orientación académica e profesional ó alumnado:

- **Axudando a imaxinarse desempeñando futuros roles profesionais, tendo en conta as profesións laborais libres de prexuízos e non sexistas.**
- **Buscando aplicabilidade práctica dos contados facendo referencia a tarefas e profesións.**
- **Utilizando metodoloxías variadas para que poñan en práctica múltiples intelixencias e capacidades.**
- **Desenvolvendo habilidades socioemocionais que axuden ao alumnado no seu propio autoconecemento e melloren a súa autoestima.**
- **Revisando os materiais didácticos e as formas de referirnos a diferentes accións laborais ou actitudes emprendedoras para que estén libres de prexuízos e en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.**

VI. ACTIVIDADES XERAIS:

- **Programación a través do PAT de actividades e obradoiros que desenvolvan as capacidades socioemocionais necesarias para alcanzar a madureza vocacional: asertividade, autocontrol, pensamento crítico, iniciativa, autoconfianza, creatividade, autoestima, perseverancia.**
- **Aplicación de cuestionarios sobre intereses profesionais.**



- Escalas de autoavaliación que faciliten o coñecemento dun mesmo/a e dos seus estilos de aprendizaxe.
- Utilización dos programas informáticos de Orientación, e de páxinas Web en Internet.
- Sesións informativas sobre o sistema educativo.
- Información dos itinerarios do centro e a súa relación con estudos posteriores.
- Coñecemento dos plans de estudo das diferentes titulacións.
- Información sobre estudos universitarios
- Coñecemento dos estudos e das profesións a través das materias escolares e actividades específicas sobre os sectores profesionais.
- Coñecemento das saídas profesionais dos distintos estudos.
- Xornadas de Orientación Vocacional no IES.
- Información sobre Feiras de emprego. Feiras de estudos.
- Familiarización con distintos tipos de impresos e procedementos (solicitude da beca do MEC, preinscripción e matrícula en FP, matrícula na ABAU, preinscripción na universidade, ...).
- Coñecemento dos recursos de orientación académica e laboral da contorna próxima ao centro.

VII. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS POR ETAPAS E CURSOS:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A orientación académico-profesional terá por obxecto axudar ao alumnado ao longo da etapa educativa, a valorar e analizar as súas preferencias académicas e profesionais para que poidan formular libre e responsablemente a súa decisión persoal, tendo en conta aquí a libre elección de prexuízos non sexistas e en igualdade de xénero.



As actividades de titoría (relacionadas no PAT) que inciden nos elementos principais da orientación:

- Coñecemento da estrutura do sistema educativo e das distintas opcións e itinerarios: o bacharelato, os ciclos de FP, as ensinanzas de Réxime Especial, o acceso aos estudos universitarios.
- Coñecemento das propias posibilidades, intereses e limitacións: enquisas de autoanálise dos propios intereses, aptitudes, capacidades e valores.
- Desenvolvemento das habilidades para a toma de decisións.
- Desenvolvemento de capacidades socioemocionais implicadas nos procesos vocacionais.
- Explicación dos criterios de promoción, titulación e sistemas de recuperación.

A orientación vocacional será tratada en toda a ESO de xeito progresivo. En 1º e 2º de ESO incidirase no autoconhecimento, no desenvolvemento de capacidades socioemocionais implicadas na orientación vocacional (asertividade, pensamento crítico, autoestima, ...), e na aprendizaxe dos procesos de toma de decisión. En 3º e 4º da ESO afondarase no autoconhecimento, na toma de decisión vocacionais e no coñecemento das alternativas que se lle presenten ao rematar a escolaridade obrigatoria. Os alumnos e alumnas con escasas posibilidades de promocionar ao curso seguinte ou en risco de non titular, son obxecto dun seguimento máis próximo e proporciónase unha información máis personalizada sobre as diferentes alternativas que se lles plantexan ao rematar a ESO, un acompañamento individualizado e mediación familiar para unha toma de decisións axustada.

As actividades de xeito desmenuzado poden verse no descrito no PAT. Traballarase a través dun manual de autoconhecimento con actividades dinámicas, participativas e prácticas, así como no uso dos programas de orientación vocacional como Orienta; ademais de entregarlles un boletín dixital informativo sobre o sistema educativo galego ao alumnado e familias nas Xornadas de Orientación Vocacional do IES.

BACHARELATO

1º BACHARELATO:

Obxectivos:

1. Coñecer a oferta educativa e formativa despois do Bacharelato (Universidade, FP, EE.RR.EE...)
2. Coñecer as programacións didácticas das materias e os criterios de promoción, repetición, cambio de modalidade, reclamación, itinerarios, etc. De acordo coa transparencia da Orde do 2 de marzo de 2021.
3. Coñecer as táboas de ponderacións das materias coas probas ABAU, así como o sistema de acceso á universidade.
4. Tomar decisións acerca do seu futuro académico e laboral de xeito libre, con mirada inclusiva e non sexista.
5. Informarse sobre axudas e bolsas do Ministerio, premios fin de bacharelato, outras becas.

Actividades:

Os títolos en colaboración co Departamento de Orientación:

1. Facilitarase un coñecemento adecuado sobre os aspectos de réxime académico do bacharelato (avaliación, cualificación, permanencia, ...). Identificación das Programacións Didácticas na web do IES.
2. Detección de casos de alumnos/as que non teñen una orientación vocacional definida ao rematar o Bacharelato coa axuda dunha orientación individualizada cando sexa preciso.

Dende o currículo e todo o profesorado (art. 91 LOE)

1. Dar valor nas diferentes materias as saídas profesionais e vinculación laboral que poidan ter, tendo en conta un vocabulario inclusivo en igualdade entre homes e mulleres (Instrucións 6 de setembro de 2019)

Dende o Departamento de Orientación:

1. Atención individualizada a alumnos/as en recreos.
2. Xornadas de orientación vocacional.
3. Entrega boletín de información académica familias e alumnado.
4. Emprego de aplicación de intereses profesionais cando sexa preciso.



5. Explicación do programa Orienta e outros aplicativos.
6. Charlas de coñecemento da universidade e da FP por profesionais externos.

2º BACHARELATO:

Obxectivos:

Os obxectivos serán os mesmos que no 1º curso de Bacharelato con maior nivel de profundización. En concreto engádesse:

1. Proporcionar ao alumnado información obxectiva sobre as opcións que se presentan ao finalizar a etapa.
2. Dar continuidade ás actuacións que en cursos anteriores se desenvolveron para facilitar ao alumnado a toma de decisións.

Actividades:

As actividades serán as mesmas que para 1º curso de bacharelato facendo maior fincapé no seguinte:

1. Coñecemento das ABAU coa colaboración dun representante da CIUG que virá ao IES.
2. Coñecemento máis exhaustivo sobre a oferta formativa xeral do sistema educativo e criterios de acceso.
3. Profundización no autocoñecemento para una elección libre, individual e inclusiva.
4. Sesión grupal impartida pola orientadora do IES para aclarar dúbidas.
5. Coñecemento de becas universitarias, de FP, Residencias, etc.

FORMACIÓN PROFESIONAL

FPB

Obxectivos

1. Coñecer que é a FPB, saídas académicas e laborais.
2. Informar sobre as titulacións que se obteñen ao rematar, tipo de materias/módulos a cursar.
3. Coñecer a formación profesional para o emprego e as unidades de competencias vinculadas ao ciclo de FPB que están a cursar.

4. Asesorar sobre a oferta formativa e laboral da contorna relacionada coa familia profesional.

Actividades

A orientación académico e profesional será levada a cabo por todo o equipo docente, distribuíndose as actividades do seguinte xeito:

Titoría coa colaboración de orientación:

1. Os titores/as darán a coñecer o tipo de ensinanzas a cursar (perda de avaliación continua, criterios de promoción e titulación, outras características).
2. Traballarase coas actividades indicadas do PAT respecto do benestar socioemocional e autoestima, para unha mellora na toma de decisión vocacionais e autoconhecimento.

Dende o currículo e todo o profesorado (art. 91 LOE)

1. Dar valor nos diferentes módulos as saídas profesionais e vinculación laboral que poidan ter, tendo en conta un vocabulario inclusivo en igualdade entre homes e mulleres (Instrucións 6 de setembro de 2019)

Dende o Departamento de Orientación:

1. Atención individualizada a alumnos/as en recreos.
2. Coa colaboración do departamento de FOL traballarase os seguintes aspectos: autoemprendemento, CV Europass, Carta de presentación, Acceso ao mundo laboral.

CICLOS MEDIO E SUPERIOR

Obxectivos:

1. Informar sobre as características xerais dos estudos nos que se acaban de matricular.
2. Informar acerca das opcións académicas ó rematar os estudos que están cursando.

3. Asesorar sobre as posibilidades profesionais que se presentan ó rematar.
4. Promover no alumnado de todo o centro o coñecemento do sistema produtivo e laboral.
5. Informar ó alumnado dos procesos de inserción á vida laboral e activa así como das técnicas de busca activa de emprego, promovendo en todo momento a capacitación dos alumnos/as para a súa propia autororientación.

Actividades:

A orientación académico e profesional será levada a cabo por todo o equipo docente, distribuíndose as actividades do seguinte xeito:

Titoría coa colaboración de orientación:

1. A comezos de curso o titor informará ao alumnado sobre as características dos estudos que están a realizar (o perfil profesional) e da ordenación da FP (finalidades e obxectivos do ciclo, avaliación, repetición de matrícula, renuncia de matrícula, recuperacións e probas extraordinarias, asistencia a clase, a FCT).

Dende o currículo:

1. Facilitase información sobre as saídas laborais e do perfil profesional a través do desenvolvemento dos distintos módulos.

Actividades do Departamento de Orientación:

1. Organización de actividades en colaboración co departamento de FOL relativas a: Emprendemento; As técnicas de busca activa de emprego; As habilidades sociais na busca de emprego; Internet e redes sociais como ferramentas para a busca de emprego.
2. Xornadas de Orientación vocacional no IES: Sesións informativas de orientación académica a petición do titor/a ou do alumnado: Acceso á universidade: descrición dos graos vinculados aos ciclos superiores; Outros ciclos formativos / outra formación non regrada; Probas de acceso a ciclos superiores, probas libres; Validación de módulos entre ciclos, validación de materias nos estudos universitarios.

3. Asesoramento individualizado a aqueles alumnos/as que queiran seguir formándose ao rematar os estudos actuais, proporcionándolles información, axuda na toma de decisión e consello orientador.

VIII. AVALIACIÓN DO POAP:

FERRAMENTAS:

1. Enquisas de satisfacción.
2. Valoración cualitativa da participación e implicación do alumnado nas sesións de orientación por parte da orientadora.
3. Informe dos titores/as.
4. Informes da CCP/Claustro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

1. A avaliación inicial realizarase durante o proceso de programación anual de orientación, tendo en conta a información recollida nas primeiras semanas e na memoria do curso anterior.
2. Será necesario avaliar todo o proceso de forma continua para detectar dificultades e solucionarlas de forma inmediata.
3. A avaliación continua realizarase mediante a observación a valoración por parte dos titores/as.
4. A avaliación final atenderá aos seguintes criterios:
5. Grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.
6. Valoración da adecuación das actividades realizadas polo departamento ás necesidades e demandas dos titores/as.
7. Valoración da repercusión das actividades da acción tutorial no proceso de ensino-aprendizaxe.



8. Valoración do grao de implicación e satisfacción dos titores/as, alumnado e familias nas actividades realizadas. Analise de se os cauces de coordinación e reparto de responsabilidades axudaron a lograr os obxectivos propostos.
9. Valoración da adecuación das actividades aos intereses do alumnado.
10. Análise da adecuación das técnicas e recursos empregados.

Lugo, 1 de Decembro de 2022.

Patricia Veiga García

Asdo: Xefa Departamento de Orientación